

Marcenaro

Joana, dix' eu, Sancha e Maria
en meu cantar, con gran coita d' amor,
e pero non dixे por qual morria
de todas tres, nen qual quero mellor,
nen qual me faz por sí o sэн perder, 5
nen qual me faz ora por sí morrer,
de Joana, de Sancha, de Maria.

Tant' ouve medo que lle pesaria
que non dixе qual era mia sennor 10
de todas tres, nen a por que morria,
nen a que eu vi parecer mellor
de quantas donas vi, e máis valer
en todo ben; non a quige dizer,
tant' ouve medo que lle pesaria.

E pero máis toller non me podia 15
do que me tolle, pero m' ei pavor;
tollemi o corpo, que ja nunca dia
esté, nen noite que aja sabor
de min, nen d' al que mi á máis a toller;
nen veg' ela, que moiro por veer, 20
que est' o máis que me toller podia.

E por aquest' eu viver non querria,
per bõa fe, ca vivo na maior
coita do mundo des aquele dia
que a non vi, ca non ouve sabor 25
de min nen d' al, nen vi nunca prazer;
e pois me veg' en tal coita viver,
Deus me confonda, se viver querria,

ca esta dona me tolleu poder
de rogar Deus, e fezome perder 30
pavor de morte que ante avia.

- letto 380 volte

Source URL: <https://letteraturaeuropea.let.uniroma1.it/?q=laboratorio/marcenaro-10>